

Número de rexistro AAI: 2004/0286_NAA/IPPC_162

Número de rexistro entrada Concello: 2016048600

Asunto: Solicitud de informe municipal para constancia no procedemento de revisión da autorización ambiental integrada.

Instalación: Planta de fabricación de celulosa

Titular: “ENCE, Energía y Celulosa, S.A.”

Concello de Pontevedra

En atención á solicitude de informe cursada o 26/12/2016, rexistro de entrada 2016048600, ao abeiro do disposto no artigo 16 do Real Decreto 815/2013, do 18 de outubro polo que se aproba o Regulamento de emisións industriais e de desenvolvemento da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, respecto da documentación que consideramos precisa para a revisión da autorización ambiental integrada referida no encabezamento, tendo en conta os documentos de referencia MTD aplicables á instalación e dentro do prazo outorgado ao efecto emítase por esta Tenencia de Alcaldía no exercicio das funcións delegadas o seguinte Informe con base aos seguinte antecedentes e fundamentos:

1º.- A Resolución do 24/07/2015 ditada pola *Dirección General de Sostibilidade de la Costa y del Mar* do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, resolvía textualmente:

“1) Declarar la caducidad parcial de la concesión otorgada por Orden Ministerial de 13 de junio de 1958, al Instituto Nacional de Industria, de ocupación de 612.500 m2 de bienes de dominio público marítimo-terrestre con destino a la construcción de una fábrica de pasta de celulosa Kraft en la franja de la zona marítimo terrestre a rellenar comprendida entre el ferrocarril de Pontevedra a Marín y la carretera de unión de los Puertos de Pontevedra y Marín, transferida por Orden Ministerial de 6 de mayo de 1959 a la “Empresa Nacional de Celulosa de Pontevedra, S.A.” y por Orden Ministerial de 28 de julio de 1970 a la “Empresa Nacional de Celulosa, S.A.” (ENCE), en lo que se refiere a los terrenos ocupados por la EDAR de Placeres, del emisario submarino existente junto a la EDAR y de las instalaciones deportivas.

2) Ordenar al Servicio provincial de Costas de este Ministerio en Pontevedra que lleve a cabo el Acta de reversión al Estado de los terrenos de la concesión afectados por la caducidad parcial.

3) Ordenar a “ENCE, S.A.” que proceda al levantamiento y retirada del dominio público marítimo-terrestre de las instalaciones deportivas, a sus expensas, una vez que se asegure que sus usuarios pueden disponer de otras instalaciones adecuadas, otorgándole para ello un plazo máximo de 6 meses, y asimismo, que inicie los trámites oportunos para la legalización del edificio dedicado a comedor.

4) Ordenar al Servicio provincial de costas en Pontevedra que otorgue a los órganos gestores de la EDAR y del emisario submarino un plazo de tres meses, para solicitar la oportuna concesión”.

Este Concello ten formulado -diante do referido órgano estatal e mediante escrito razoado-, requirimento previo de anulación ou revogación da referida resolución, o 5/10/2015, en cumprimento do acordo dese mesmo día da Xunta de Goberno Local, posteriormente ratificado

polo Pleno do 19/10/2015 (comunicado ao referido organismo o 6/11/2015).

Nese requirimento repositório, entre outros pronunciamentos, acordábase:

“Primeiro.- Formular en tempo e forma, diante da Sra. Ministra de agricultura, alimentación e medio ambiente, requirimento previo de anulación da Orde Ministerial de data 24 de xullo de 2015, ditada por delegación pola Dirección General de sostenibilidade de la costa y del mar, pola que se acorda a caducidade parcial da concesión outorgada por Orde Ministerial de 13 de xuño de 1958 ao Instituto Nacional de Industria, para a ocupación de 612.500 m2 de bens de dominio público marítimo-terrestre con destino á construción dunha fábrica de pasta de celulosa Kraft na franxa da zona marítimo terrestre a reencher comprendida entre o ferrocarril de Pontevedra a Marín e a estrada PO-13, transferida por Orde Ministerial de 6 de maio de 1959 á “Empresa Nacional de Celulosa de Pontevedra, S.A.” e por Orde Ministerial de 28 de xullo de 1970 á “Empresa Nacional de Celulosa, S.A.” (ENCE), no que se refire aos terreos ocupados pola EDAR de Placeres, do emisario submarino existente xunto á EDAR e das instalacións deportivas, que foi notificada a este Concello en data 05/08/2015 baixo o número 2015027751 de rexistro de entrada, con base no relato de feitos e fundamentos xurídicos do presente acto, interesando se dite resolución pola que se declare, mediante acto contrario imperio, a súa nulidade, ou se proceda á súa anulación, revogación ou ben se deixe sen efecto a Orde ditada por ser contraria a dereito, e previos os trámites oportunos, se declare a caducidade total da concesión referida, ao abeiro do disposto nos artigos 79 da Lei de costas e 165 do seu Regulamento e demais preceptos citados, por mor da acreditada concorrencia das causas relatadas e taxadas de caducidade total da concesión, que foi obxecto de modificacións substanciais, e por acreditarse a concorrencia de incumprimentos de carácter esencial como as transferencias de accións sen autorización, e outros que prexudicaron gravemente ao interese público e motivaron unha condena penal por delito ecolóxico; instando, asemade, que se ordene a adopción das medidas legalmente previstas subsecuentes á declaración de caducidade para a plena recuperación, protección e restauración da totalidade do espazo incluído no dominio público marítimo terrestre, sen prexuízo do que nos escritos de alegacións remitidos se sinala ao respecto da EDAR.

Segundo.- Dar conta do presente acordo ao Ministerio de agricultura, alimentación e medio ambiente, solicitando expresamente e, asemade, consonte do artigo 172.3º do Regulamento de costas, a suspensión de calquera procedemento de solicitude de prórroga extraordinaria que poida estar en tramitación ao abeiro do disposto na disposición transitoria 2ª do Real decreto 876/2014, de 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de costas e que desenvolve a disposición transitoria primeira 2ª da Lei de 22/1988, de 28 de xullo de costas (BOE núm. 181 de 29/07/1988), modificada na súa redacción pola Lei 2/2013 de 29 de maio, e ata que se resolva o presente requirimento e adquira firmeza a resolución de caducidade parcial (...).”

Ao non constar que se resolvese o referido requirimento -nin tampouco os senllos recursos de reposición formulados fronte á amentada Orde por parte das asociacións ecoloxistas “SALVEMOS PONTEVEDRA” e “ASOCIACIÓN POLA DEFENSA DA RÍA (APDR)”, remitidos ao Concello para alegacións-, este Concello ten interposto o 5/01/2016 o correspondente recurso contencioso administrativo diante da Audiencia Nacional, motivo polo que o expediente de caducidade non ten acadado firmeza no día no que andamos.

2º.- Por outra banda, o Concello de Pontevedra tamén ten formulado requirimento repositório fronte á prórroga outorgada a ENCE en materia de costas e, ante a non contestación do requirimento, interpuxo o correspondente recurso contencioso administrativo, diante tamén da Audiencia Nacional.

3º.- Na Orde Ministerial de 13/06/1958, (BOE núm. 155, de 30/06/1958), pola que se outorgaba ao Instituto Nacional de Industria a concesión de ocupación de 612.500 m² de bens de dominio público marítimo-terrestre a reeñcher na marisma de Lourizán con destino á construción de unha fábrica de pasta de celulosa Kraft, dispúñase que *“el Instituto Nacional de Industria dá seguridade de que as augas residuais se depurarán hasta conseguir en las mismas una demanda bioquímica inferior a 20 p.p.m., que las especificaciones más estrictas de augas para el cultivo de la ostra citan como límite máximo tolerable”* establecendo expresamente na condición 2ª do título concesional e textualmente que:

“Las instalaciones de depuración de aguas residuales se proyectarán para que éstas tengan un B.O.D. inferior a 20 p.p.m.”

4º.- Nos feitos probados da Sentencia de 05/11/2002 ditada no Procedemento Abreviado 1003/2002 da Sección cuarta da Audiencia Provincial de Pontevedra quedou patente o incumprimento da devandita condición amais das condicións referidas á contaminación atmosférica: *“(…)en cuanto a D.B.O., D.Q.O., P.H. y S/S, ENCESA incumplía los niveles de Convenio, y con ello, la normativa aplicable”*.

A sentenza, logo de varias referencias ás analíticas que acreditaban que non se cumprían os límites de la DBO, conclúe que *“en el informe de Toxicología consta no haberse cuidado por ENCE la calidad del vertido, principalmente en lo que se refiere a sólidos en suspensión, que han empeorado la calidad las aguas, superándose los niveles máximos autorizados durante los años anteriores a 1994. También ha sucedido lo propio con la D.B.O. y ocasionalmente con la D.Q.O. (…)”* .

Xa máis recentemente acredítase o incumprimento da devandita condición do título concesional nos resultados que achega a propia Compañía ENCE á Xunta de Galicia.

Así nas análises que presenta ENCE correspondentes aos anos 2001 e 2002, a DBO obtén nos rexistros (en mg O₂/l -ou p.p.m.-): unha media de 76’6 en 2001 e 82 en 2002. E, das 24 medicións de 2013, 5 de elas superan a taxa de 20 p.p.m.:

			Enero		Febrero		Mar.		Abril		Mayo		Junio		Julio		Agosto		Sept.		Oct.		Nov.	
Días	2	18	3	12	28	16	25	10	26	12	21	6	22	1	17	2	18	27	12	27	7	23	8	24
DBO5	9	32	19	25	17	10	13	9	8	< 5	< 5	< 5	30	< 5	32	12	< 5	< 5	38	< 5	< 5	16	< 5	< 5
mg/l																								

Ademais, tras detectarse unha filtración de vertido á ría de augas residuais, constatouse na dilixencia de inspección e toma de mostras realizada en 12/09/2013 polo Organismo Autónomo Augas de Galicia, da Consellería de Medio Ambiente, unha DBO de 56 mg O₂/l.

En conclusión a DBO das augas residuais da factoría seguen superando a cada pouco os límites de 20 p.p.m. impostos na concesión polo que procedería ter declarado a caducidade total. Os incumprimentos medioambientais das condicións do título concesional deberon impedir a concesión da AAI e polo mesmo motivo calquera tipo de renovación ou revisión, como a que nos ocupa.

5º.- O ámbito no que se solicita informe para revisión da AAI, constitúe un eido de especial protección (área de mellora ambiental e paisaxística) e debemos traer a colación as previsións que se recollen no Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as Directrices de Ordenación do Territorio-DOT (DOG 22/02/2011) e no Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia-POL (DOG 23/02/2011).

No seu día, a Dirección Xeral da Sostibilidade e Paisaxe da Xunta de Galicia, na contestación ás alegacións municipais verbo das referencias a ENCE na tramitación das DOT, sinalaba textualmente, para motivar a desestimación da alegación:

“(…) que a vontade reflectida no documento é a de que os terreos que ocupan ENCE e ELNOSA poidan ser recuperados e reordenados unha vez que se produza o seu traslado no ano 2018 (ver epígrafes 2.2.1 e 2.2.6)”

Lembramos expresamente o disposto na Disposición Adicional 3ª.-Ence, do POL.

“En coordinación co establecido nas DOT, no espazo actualmente ocupado polas instalacións da empresa Ence situadas en Lourizán, na ría de Pontevedra, prevese un ámbito de recualificación sobre a Área de Mellora Ambiental e Paisaxística. O obxecto desta área é o da recuperación do espazo que quedará vacante coa materialización do traslado destas instalacións a outra localización dentro da propia bisbarra de Pontevedra no horizonte do ano 2018.

Dada a importancia que para este ámbito e o seu contorno suporá a citada transformación, considérase necesario regulala mediante esta disposición adicional. En concreto, deberase:

- 1. Favorecer a conectividade visual e funcional coa costa e os hábitats que nela e o seu contorno se vaian rexenerar e valorizar.*
- 2. A devandita recuperación irá encamiñada á naturalización da área, de tal maneira que se mellore a súa calidade ambiental e escénica, que concluirá coa inclusión destas áreas recuperables desde o punto de vista ecolóxico na Área de Protección Costeira, de tal maneira que se favoreza a integración de parte do ámbito no seu contorno máis natural, procurando, así mesmo, dotalo de conectividade mediante os corredores xa identificados neste documento. En concreto, recuperarase a praia dos Praceres de forma acorde coas características orixinais da praia e as condicións actuais de hidrodinámica e planta do areal.*
- 3. Así mesmo, na zona norte do ámbito poderanse rehabilitar e acondicionar as edificacións destinadas a aqueles usos e actividades necesarios para a xeración de espazos públicos de calidade e cohesión social, ao mesmo tempo que se procura a transición cos espazos principais destinados á rexeneración ambiental e recuperación natural do ámbito anteriormente mencionado.*

4. Recuperarase a calidade ambiental e paisaxística, contribuírase a dotar de equipamentos e espazos libres de calidade o agregado urbano no que se insire, evitando parámetros de ocupación e intensidade incompatibles coa capacidade de carga do territorio e os valores ambientais, paisaxísticos e patrimoniais propios do litoral.

O desenvolvemento e consecución destes obxectivos concretaranse mediante a redacción do instrumento de ordenación territorial ou urbanístico máis adecuado, atendendo, en calquera caso, ao interese público e á utilidade social da actuación que deberá abordar conxuntamente as accións de rexeneración, restauración e reordenación do ámbito de recualificación previsto nos terreos actualmente ocupados”.

6º.- Aplicación ás verteduras de augas residuais de ENCE das Disposicións da Directiva 91/271/CE.

Tal e como se alegou no seu día no proceso de renovación da AAI, con base ao informe do Enxeñeiro municipal do 29/07/2011 relativo ás verteduras de efluentes líquidos, o vertido de efluentes en xeral, deberá cumprir os obxectivos marcados pola Directiva europea 91/271/CEE sobre tratamento de augas residuais, e recollidos pola Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia.

No informe referido indicábase textualmente:

“Un exame comparativo entre as características esixidas á auga depurada na Lei 9/2010 e na autorización ambiental integrada (AAI), amosa unha permivisidade ampla ao vertido procedente do complexo industrial, unha vez tratado nas súas instalacións de depuración e antes da súa incorporación ao emisario submarino polo que se evacuan os caudais procedentes da EDAR de Os Praceres.

Deste xeito, podemos establecer a seguinte comparación: (homoxeneizanse unidades que, no caso da Lei veñen dadas en mg/l e na AAI en Kg/día, considerando o caudal medio total de vertido que, de acordo coa AAI, é de 29.263 m³/día)

Parámetro	Valor límite Lei9/2010	Valor límite AAI
ph	7-9	6-9
DBO5	25 mg/l	76,88 mg/l
SS	15 mg/l	76,88 mg/l
DQO	125 mg/l	307,55 mg/l
N	10 mg/l	27,68 mg/l
P	1 mg/l	3,69 mg/l

Isto supón que a AAI admite para os valores medios de eses parámetros, aumentos do orde de tres veces os admitidos na lexislación autonómica, co agravante de que, para os valores punta, permite incrementos do 30 % sobre eses valores medios.

Quere isto dicir que a AAI deixa incorporar ao emisario submarino da EDAR de Os Praceres, ambos instalacións de competencia autonómica, caudais procedentes dun complexo con concentracións de parámetros contaminantes similares aos dos caudais que chegan á entrada da EDAR procedentes da rede de sumidoiros municipal. Eses caudais industriais saen directamente á ría de Pontevedra sen outro tratamento que a propia dilución que sofren ao saír do emisario submarino, descoñecéndose as reducións de concentración que poden experimentar”.

O Comisario de Medio Ambiente, Asuntos Marítimos e Pesca, da Unión Europea, no nome da Comisión, ven de recoñecer diante do Parlamento europeo que:

“ Si las aguas residuales de la fábrica de pasta de papel se vierten a través de una instalación de tratamiento de aguas residuales urbanas, se aplicarán las disposiciones de la Directiva 91/271/CE, sobre tratamiento de las aguas residuais urbanas”.

Asemade a Comisión considera que:

“(…)los órganos administrativos o judiciales nacionales encargados de la ejecución de las Directivas mencionadas son los principales responsables de comprobar las situaciones específicas de incumplimientos y los que disponen de os medios adecuados para resolver el problema si las preocupaciones son justificadas”.

É dicir, a propia Comisión Europea ven a validar o alegado no seu día por esta Administración municipal no proceso de renovación da AAI.

7º.- Por último, no día de hoxe o Enxeñeiro municipal da OTMAIES emite o seguinte informe:

“Vista a documentación remitida pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, para a revisión da autorización ambiental integrada (AAI) do complexo industrial de Lourizán, emítase o correspondente INFORME sobre aspectos que competen a esta Oficina Técnica municipal, é dicir, as verteduras de efluentes líquidos.

Como xa se informou por parte desta oficina Técnica con data 29/07/2011 a AAI permite incorporar ao emisario submarino da EDAR de Os Praceres, ambos instalacións de competencia autonómica, caudais procedentes dun complexo industrial con concentracións de parámetros contaminantes similares aos dos caudais que chegan á entrada da EDAR procedentes da rede de sumidoiros municipal. Eses caudais industriais saen directamente á ría de Pontevedra sen outro tratamento que a propia dilución que sofren ao sair do emisario submarino, descoñecéndose as reducións de concentración que poden experimentar.

Posteriormente, como sinala o escrito da Secretaría Xeral, o 30.09.2014 publicouse no Diario Oficial da Unión Europea a Decisión de execución da Comisión do 26 de setembro de 2014 pola que se establecen as conclusións sobre as mellores técnicas dispoñibles para a produción de pasta, papel e cartón, conforme a Directiva 2010/75/UE do Parlamento Europeo e do Consello, sobre as emisións industriais. Nun prazo de catro anos a partir da publicación das conclusións relativas ás mellores técnicas dispoñibles, deberán adaptarse todas as condicións da autorización da instalación de que se trate.

Para poder adaptar as condicións da autorización ao novo marco lexislativo, faise preciso coñecer unha serie de cuestións, entre elas:

- O proceso empregado para a fabricación da pasta de papel (ao sulfato, ao sulfito, mecánica, quimicomecánica...), xa que os niveis máximos de emisións asociados ás MTD para a vertedura directa de augas residuais en augas receptoras procedentes dunha planta de fabricación de pasta, dependen dese proceso.

- As Toneladas métricas de pasta secada al aire producidas pola planta, posto que os valores máximos permitidos dos diferentes parámetros contaminantes veñen expresados en Kg/T pasta e non son directamente comparables aos valores da AAI, que veñen dados en Kg/día, nin cos da Lei 9/2010 que están en mg/l”.

Xa que logo, para constancia no trámite de referencia previsto no artigo 16 do Real Decreto 815/2013, de 18 de outubro polo que se aproba o Regulamento de emisións industriais e de desenvolvemento da Lei 16/2002, de 1 de xullo do 2002 e, dentro do prazo legal outorgado ao efecto, esta Tenencia de Alcaldía, no exercicio da atribucións delegadas emite o seguinte **Informe**:

Primeiro.- Este Concello rexeita a tramitación da revisión da Avaliación Ambiental Integrada do Grupo ENCE por estimar que o título concesional outorgado en materia de costas atópase caducado na súa totalidade por mor da concorrencia dos motivos que se expresan no requirimento repositario no seu día formulado fronte á resolución da *Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar* de data 24/07/2015, do que se achega copia, e no recurso contencioso administrativo interposto, tal e como ten rexeitado recentemente diante de Augas de Galicia que a autorización de verteduras, a través do emisario carente de título concesional, se faga conxuntamente para as augas residuais urbanas depuradas e as de orixe industrial de ENCE; opoñéndonos, por tales motivos, tanto a legalización do vertido do efluente industrial de ENCE como o inicio do expediente de revisión da AAI.

Segundo.- En todo caso, e sen prexuízo do sinalado no punto anterior e do resultado dos procesos xudiciais que se teñen promovido, este Concello reitera -como ten alegado e reclamado nos sucesivos procesos de outorgamento e renovación da AAI á vista dos informes técnicos municipais, e como ven a recoñecer o Comisario de Medio Ambiente, Asuntos Marítimos e Pesca da Unión Europea- que son de aplicación, ás augas residuais da fábrica de pasta de papel, as disposicións da Directiva 91/271/CE, sobre tratamento das augas residuais urbanas, ao verter a través dunha instalación de tratamento de augas residuais urbanas, lembrando que a amentada Comisión considera que ese órgano administrativo como encargado da execución das Directivas mencionadas é o responsable de comprobar as situacións específicas de incumprimentos ao dispor dos medios axeitados par resolver o problema, polo que consideramos que se deberá revisar a documentación que regula os parámetros de vertido, para dar cumprimento á referida Directiva, ás condicións expresas do título concesional e ás mellores técnicas dispoñibles MTD, publicadas o 30/09/2014, entendendo necesaria a achega de documentación acreditativa dos seguintes parámetros:

- O proceso empregado para a fabricación da pasta de papel (ao sulfato, ao sulfito, mecánica, quimicomecánica...), xa que os niveis máximos de emisións asociados ás MTD para a vertedura directa de augas residuais en augas receptoras procedentes dunha planta de fabricación de pasta, dependen dese proceso.
- As Toneladas métricas de pasta secada al aire producidas pola planta, posto que os valores máximos permitidos dos diferentes parámetros contaminantes veñen expresados en Kg/T pasta e non son directamente comparables aos valores da AAI, que veñen dados en Kg/día, nin cos da Lei 9/2010 que están en mg/l.

Terceiro.- Advírtese expresamente que, a tramitación da revisión e calquera variación nas instalacións e no proceso produtivo do complexo, non se compadece e estará condicionada polas determinacións urbanísticas e de ordenación territorial das que para a zona se plasman nas Directrices de Ordenación do Territorio (DOT) e no Plan de Ordenación do Litoral (POL), que

expresamente prevén o traslado do complexo fabril no horizonte temporal do 2018, e que foron aprobadas polo Consello da Xunta no exercicio das competencias exclusivas recollidas no Estatuto de Autonomía e 148 CE en materia de ordenación do territorio, e que, xunto coas determinacións do Proxecto sectorial, ao que vinculan, deberán ser ponderadas de se continuar co procedemento de revisión.

Cuarto.- Solicítase expresamente, a remisión ao Concello de copia da documentación que teña achegado ou poda achegar no futuro a empresa “ENCE, Energía y Celulosa, S.A.”, ao abeiro do artigo 25 da Lei 16/2002, do 1 de xullo de prevención e control integrados de contaminación e 16 do Regulamento, incluíndo os resultados do control das emisións e outros datos que permitan unha comparación do funcionamento da instalación coas mellores técnicas dispoñibles descritas nas conclusións relativas a las MTD aplicables e cos niveis de emisión asociados a elas así como os controles o inspeccións que se efectúen por esa Administración Ambiental competente.

O que se traslada para o seu coñecemento e efectos, solicitando que se teña por formulado como informe municipal/alegacións, as observacións que se conteñen nos parágrafos precedentes e, no relativo á documentación que se considera precisa, a referida no informe técnico municipal do que se achega copia.

Pontevedra, 10 de xaneiro do 2016

**A Tenente de Alcalde delegada
da Área de Urbanismo**

Asdo.- María Carme da Silva Méndez

Xefatura do Servizo de Prevención e Control Integrados da Contaminación. Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental. Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

XUNTA DE GALICIA. San Lázaro s/n. 15718 Santiago de Compostela